

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE OUTUBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteoito de Outubro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 21 de Outubro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Delfín Venancio, veciño de San Cristovo, o cal desexa que a notificación do presente acordo se lle practique a Don Manuel Iglesias Blanco, con domicilio na rúa Matiño do devandito lugar, no que interesa condicións urbanísticas aplicables a unha propiedade súa en San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, o cal di: "E de aplicación a Ordenanza 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL. 6.3.1.- DEFINICION.- Espacio

destinado a explotación directa do solo, xa sexa agrícola forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotación agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalación de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; "campings".- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, 5 metros a partir da aresta exterior de calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros, usos menores (casetas, alpendres, etc.), sen límite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DE PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas.- En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P.- O Concello de Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 2.000 m2.- Previo á obtención de licenza tramitarase ante esta Administración Municipal a obtención da "autorización" segundo sinala o artigo 42 LSG".

4. ESCRITOS OFICIAIS.-

Da farmaceutica titular, resultados das análisis mínimas do abastecemento de San Paio e de Ribadavia.

Da farmaceutcia titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento de consumo público de Ribadavia e de Santa Cristina.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse a Orde do 1 de Outubro de 1996 da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se regula a concesión de subvencións ós Concellos de Galicia para a normalización da lingua galega.

Visto o escrito presentado por Don Rafael Cid Fernández, Tesoureiro Municipal, no que interesa se autorice a substitución da anterior Póliza concertada coa Compañía Española de Seguros de Crédito e Caución por outra concertada coa Entidade Caixa Ourense, co mesmo importe, e tendo en conta que a Compañía Española de Seguros de Crédito e Caución desistiu de seguir prestando seguros de caución a funcionarios públicos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aboa-la cantidade de 42.750 pesetas a Don José Manuel Deaño Carballeda, pola realización de traballos varios fóra da súa xornada laboral.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aboar en concepto de gratificación por realización de traballos extraordinarios a Don José Luís Vázquez Fernández e a Don Eugenio Rey Rodríguez a cantidade de 12.000 pesetas a cadanseu.

Vistos os informes realizados polo Servicio Social de Base, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder-las subvencións que de seguido se detallan para a adquisición de material escolar a: Dona Mercedes Domínguez Ulloa, con domicilio en Santa Cristina nº 4, San Paio, por importe de 5.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 25.000 pesetas a Comisión de Festas de Francelos pola organización da Festa de San Xes.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA DE REHABILITACION DE INFRAVIVENDA RURAL EN SAN CRISTOVO.-

Unha vez que se procedeu á apertura de plicas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acordou: 1º.- Declarar válido o acto de licitación.- 2º.- Adxudicar definitivamente a obra de REHABILITACION INFRAVIVENDA RURAL EN SAN CRISTOVO, segundo memoria redactada polo Arquitecto, Don Javier Suances Matías, na calidade de Asesor Urbanístico do Concello a **DON ROBERTO LOURIDO RODRIGUEZ**, con domicilio na Estrada de Carballiño, s/n, San Cristovo, polo prezo de 2.352.303 pesetas, por se-la proposición máis avantaxosa economicamente das presentadas; a financiación da obra en cuestión, será con cargo a unha subvención do Instituto Galego da Vivenda e Solo que este Organismo concede ós Concellos para rehabilitación de infravivendas rurais. Na súa consecuencia, a Comisión Municipal

de Goberno dispón que se lle notifique ó adxudicatario esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data da notificación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.